



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 3 DE MARZO DE 2011**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vazquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dna.Rosa Ana Marcote Guillén Dna.María Iglesias Fernández Dna. Maria de los Angeles Silva González Dna.Ana Simons Sánchez D.José Rodríguez Trigo Dna.María Jesús Martíns Passos D. Manuel R. Vilar Marquez D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dna.Laura Miguez Pérez Dna. Teresa Pérez Vieira D.Manuel A.González Marcote D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin
<u>SECRETARIA:</u>	Dna.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dna.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a tres de marzo de dous mil once, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DO ACTA ANTERIOR.

Acta de 3 de febreiro de 2011.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta, intervindo o Sr.Fernández, BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Na páx.8, ata ó final, onde pon: "...iso é fascismo e mafia;..", ahí, nese punto e coma, houbo unha intervención do Alcalde chamándome "fascista" que non se recolle; seguramente que foi porque non tiña o micrófono encendido. Despois hai unha confusión; di: "...(*refírese á Concelleira de Urbanismo, Sra.Simons*).."; en realidade é a Sra.Angeles Silva.

Na páxina 10, na intervención do Sr.Estevez, PSOE, di: "... un intercambio afortunado....", penso que ten que pór "*desafortunado*", non "*afortunado*".



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- O que pon é: "*..non foi un intercambio afortunado*"; está correcto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Perdón, si, está correcto.

Non producíndose ningunha outra intervención, fica aprobada por unanimidade a acta do día 3 de febreiro de 2011.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións da Alcaldía.

3.- DACION DE CONTA DO INFORME DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO DO ANO 2010.

Polo Sr.Alcalde dase conta da devandita Liquidación do Orzamento do ano 2010.

4.- DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO-DIA INTERNACIONAL DA MULLER.

O SR.ALCALDE cede a palabra á **SRA.SILVA, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O vindeiro 8 e marzo, conmemorase o Día Internacional da Muller, unha data para reflexionar sobre o progreso e os avances acadados na promoción dos dereitos das mulleres, e recoñecer o traballo que aínda queda por facer .

Aínda que a Constitución Española reconece e ampara o dereito a igualdade e á non discriminación entre homes e mulleres...a discriminación salarial , as dificultades que aínda existen para a conciliación da vida laboral familiar e persoal, a escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade e a violencia de xénero, poñen de manifesto que aínda queda un longo camiño por percorrer para que a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes sexa real e efectiva .

Os datos de estudos da Unión Europea, de España e da nosa comunidade autónoma indican que :

- A participación e representación das mulleres nos niveis máis elevados de responsabilidade e de toma de decisións mantense en niveis moi baixos en tódolos campos pero particularmente no ámbito económico , financeiro e político
- O aumento do nivel formativo da mulleres non se corresponde cunha presenza proporcional nos espazos de toma de decisións, incluídos os postos directivos das grandes empresas .Este déficit de representación supón unha perda do talento das mulleres na sociedade
- As xeracións mais xóvenes reproducen comportamentos sexistas nos diferentes ámbitos da vida, como amosan os datos sobre violencia de xénero, sobre discriminación no acceso e promoción profesional ou sobre a discriminación nas retribucións salariais

E se ademais temos en conta, a situación actual onde os problemas e as solucións aos mesmos adquiren unha dimensión global, pero teñen unha identidade local, surxen novas formas de discriminación, ou discriminacións sutiles ligadas ás novas realidades sociais



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Agora mais que nunca e no actual escenario de crise económica no que o problema do emprego afecta a unha parte importante da cidadanía e onde as mulleres son un dos colectivos mais vulnerables é cando debemos poñer especial atención en que os logros acadados non sufran ningún tipo de retroceso .

Por todo isto , a Corporación Municipal do Concello de Baiona,

DECLARA que é necesario garantir o pleno exercicio dos dereitos de mulleres e homes de forma igualitaria

E para elo, COMPROMETESE A:

- **Fortalecer as políticas locais a favor da igualdade, poñendo especial atención en que a actual crise económica non supoña un aumento da brecha das desigualdades existentes**
- **Traballar para promover a corresponsabilidade de mulleres e homes no ámbito doméstico e dos coidados contribuíndo así a facilitar o acceso igualitario de mulleres e homes aos postos de responsabilidade e de toma de decisións.**
- **Intensificar os nosos esforzos para identificar e abordar os obstáculos que dificultan, impiden ou limitan a participación das mulleres nos distintos ámbitos.**
- **Traballar para incorporar a dimensión de xénero nas respostas fronte a crise económica, financeira e de emprego, tendo en conta o distinto impacto que esta ten en mulleres e homes .**
- **Intensificar os esforzos para previr e eliminar a violencia de xénero**

En definitiva, a continuar traballando por unha sociedade mais igualitaria, xusta e democrática, impulsando cantas accións sexan necesarias para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

SR.LORES, PSOE.- Dende o grupo municipal suliñamos a declaración institucional e tamén reafirmamos o noso compromiso como grupo e como persoas para loitar contra esa lacra social que nestes momentos está xerando moitos problemas en todo o mundo.

Por outro lado queremos facer un recoñecemento ó equipo de Servizos Sociais, ó Centro da Muller, concretamente, e á Policía Local, polo traballo que están a desenrolar en favor da liberdade das mulleres. Moitas grazas.

SR.VALVERDE, BNG.- O grupo municipal do BNG tamén suscribe integramente toda esta Declaración institucional, como non pode ser doutro xeito. Quero aproveitar a ocasión (xa o fixemos fai 5 ou 6 Plenos, que a Sra.Silva non estaba presente) para felicitar polas primeiras xornadas que se realizaron no Parador sobre violencia de xénero; coidamos que foi unha iniciativa extremadamente interesante que se puxo en marcha dende o Concello de Baiona. Tamén quero facer unha reflexión que coido que é interesante e que afecta sobre todo ó que son as Institucións Públicas: cando se fan uns Pregos para facer contratacións, cada vez máis se está mirando que nas súas Bases normalmente existe unha puntuación de desempate que sole ser que aquelas empresas que teñan implantados sistemas de igualdade nelas, ou incluso si existen persoas con minusvalía ou discapacidade; eu coido que é interesante empezar a aplicar xa puntuacións serias sobre esas Bases, porque desa maneira obrigamos a que as empresas privadas teñan que implantar eses plans de igualdade, ou que polo menos se miren mermadas na súa puntuación á hora de obter un contrato coa Administración Pública se non o teñen feito; penso que é algo que hai que empezar a pór en marcha, e que sí pode depender do Concello.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Moitas grazas; tamén pola iniciativa.

SR.VILAR, CMÑ.- Por suposto que estamos dacordo coa celebración, un ano máis, do Día Internacional da Muller, á vez que felicitamos á concelleira Angeles Silva polo seu brillante traballo ó fronte da Concellalía, e que ten dignamente está deixando ó Concello de Baiona en defensa da muller e dos seus dereitos.

SRA.SILVA, PP.- Agradecer a todos los grupos políticos, y en especial al BNG, su felicitación por las primeras Jornadas, a mí y a mi equipo, porque la verdad es que tengo un gran equipo técnico en el Centro de Información a la Mujer; sí que fueron interesantes y esperamos seguir con estas Jornadas. Agradecer vuestras palabras. Creo que ya tenéis en vuestro poder la invitación para el 8 de marzo, día en que vamos a inaugurar una placa en homenaje a Agueda; allí aprovecharemos para dar lectura a la Declaración que aprobaremos ahora en este Pleno; espero que estéis todos allí. Decir por mi parte en el ámbito local que en la Concejalía de Trabajo ya se está metiendo en las bases políticas de igualdad y de personas con discapacidades; todavía hace poco hicimos una contratación en la que se valoraron mayormente esos dos puntos. Agradeceremos a todos vuestro apoyo a la Declaración. Muchas gracias.

SR. ALCALDE.- Muchas gracias Ángeles, por el trabajo de todo el equipo. Procedemos a votación.

Polo Sr.Alcalde procédese á votación do presente punto, resultando aprobada por unanimidade a DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

5.-MODIFICACION DE CREDITO 1/2011.

O **Sr.Alcalde** cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA**, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

La Alcaldía ante la necesidad de realizar inversiones para este ejercicio 2011, así como con el fin de poder aprobar las facturas pendientes del ejercicio 2010, y habiendo resultado positivos los datos de la liquidación del ejercicio 2010, es motivo por el cual elevo al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, propuesta de aprobación de expediente nº 01/2011 de modificación del Presupuesto de 2010 prorrogado para 2011, mediante crédito extraordinario por importe de **212.669,44 €** y suplemento de crédito por importe de **205.645 €**

Las causas que justifican la realización de esta modificación son la de dotar de consignación la relación de facturas para reconocimiento extrajudicial nº 01-RE/2011 por importe de **103.878,84 €**, así como la realización de inversiones, no previstas en el expediente de incorporación de remanentes nº 01/11, o bien a través de un crédito extraordinario para partidas nuevas no previstas en el Presupuesto de 2010, prorrogado para 2011. El importe a que ascienden estas inversiones es de **108.790,60 €** en el expediente de crédito extraordinario y **205.645 €** en el expediente de suplemento de crédito

El presente expediente se financia con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales derivado de la liquidación del ejercicio de 2010, y que ha ascendido, según Decreto de aprobación de la liquidación de fecha 17 de febrero de 2011 a la cifra de **786.925,85 €**.

Como consecuencia se eleva al Pleno la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

1º.-Aprobar el expediente nº 01/2011 de modificación del Presupuesto de 2010 prorrogado para 2011, por un total de 418.314,44 €, mediante un crédito extraordinario por importe de 212.669,44 € y un suplemento de crédito por importe de 205.645 €, según detalle de partidas que figuran en el Anexo

2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

SR. RODAL, PP.- Este punto del Orden del Día es, para mí personalmente, y para todo el equipo de gobierno, muy gratificante; ya comentó la Interventora que ha habido un remanente de Tesorería del año pasado de 787.000 euros, con el cual se van a destinar, en este punto, 418.000 euros; 103.878,84 €, para facturas del 2010 (y algunas ya del 2011), y 314.000 euros para inversión.

Con estas facturas que tocaremos en el punto siguiente, que son las incluidas en la relación 1-RE/11, por importe de 103.000 euros, a día de hoy de facturas impagadas nos quedaremos con unos 4.000, 5.000 euros, y cuando empezamos a gobernar en el año 2004 era de 1.500.000 euros, o sea: 250 millones de las antiguas pesetas en facturas impagadas; cuando hoy aprobemos estos puntos estaremos debiendo de facturas impagadas unos 4.000, 5.000 euros; por lo tanto creo que éste es un dato muy importante sobre la trayectoria tan importante que se ha hecho en estos 6 años desde que estamos gobernando. Comentar también el tema de los 314.500 euros de Inversión, tan importante en estos momentos de crisis para poder movilizar tanto en material como en trabajos en distintos puntos de nuestro Municipio.

SR. ESTEVEZ, PSOE.- Vamos a apoyar esta propuesta de modificación presupuestaria por responsabilidad por los momentos que estamos pasando, de una situación económica difícil, y porque una de las principales partidas de esta modificación es el siguiente punto del Orden del Día que es el reconocimiento extrajudicial de facturas, para que a los proveedores del Concello se les pague lo antes posible. Esta modificación tiene 3 partes diferenciadas; una es lo que acabo de decir; la segunda es inversión pura: 212.000 euros; y la otra es modificación de gastos, de 205.000 euros.

Como he dicho vamos a votar y apoyar esta iniciativa por responsabilidad, pero quisiera manifestar nuestro reparo en la propuesta de estas adecuaciones de gastos por importe de 205.000 euros; queremos manifestar nuestro reparo en el tema de los casi 70.000 euros en gastos de representación y en festejos y actividades culturales; ya hace un año, cuando se planteó el presupuesto, nosotros hicimos una serie de planteamientos de modificación presupuestaria donde estas partidas se veían modificadas; pero como digo, lo apoyamos por responsabilidad y por sensatez. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ.- Nós, tamén por responsabilidade, vamos a abstermos. E digo por responsabilidade polo que vai asociado a este punto, o punto seguinte, do pago das facturas que se aprobarán por recoñecemento extraxudicial; e me facía gracia a intervención do Sr.Rodal cando presumía da cantidade que se está barallando agora mesmo respecto de cando entraron a gobernar que era de 1.500.000 euros; e cando nós entramos a gobernar aínda moito máis, Sr.Rodal; e quen nos deixou o paquete sen pagar foron Coalición de Veciños Independentes e o Partido Popular; e foi moito máis que iso. En ano e medio o único que fixemos foi pagar facturas pendentes e crear unha conciencia nos subministradores do Concello de volver a adquirir confianza no goberno local porque a verdade non é que non cobraran: é que xa non lle vendían nin un cán ó Concello; estaban mesmo membros da executiva do PP, con negocios, e tiñan prohibido venderlle ó Concello nada de nada; e iso foi herdado do PP e do seu socio de goberno. En parte é por iso; e en parte porque con 9 votos como tiñan vostedes, con maioría absoluta, creemos que se fixeran uns orzamentos racionais e con sentido común non tiñan que ir á aprobación extraxudicial nesas cantidades, que entendo que se ten que ir nalgunhas ocasións, pero non nesas cantidades; este ano será así, ata que apareza un novo goberno; porque



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

vostedes tampouco foron quen de sacar un proxecto de Orzamentos adiante, seguramente que por intereses políticos; polo tanto o noso voto vai a ser de abstención.

SR.VILAR, CMÑ.- Esta modificación presupostaria é imprescindible para o mantemento da actividade económica municipal e se axusta perfectamente ás posibilidades económicas do Concello de Baiona; terá melloras que repercutirán directamente nos veciños; é unha decisión de goberno que compartimos e coa que estamos de acordo. Moitas grazas.

SR. RODAL, PP.- Decirle al Sr.Fernández que con sus palabras me está dando la razón; yo he comentado y he dado datos de que en 6 años y medio (exactamente 6 años y 4 meses) este equipo de gobierno no esté endeudado con proveedores en 1.500.000 euros (300 millones de las antiguas pesetas), y usted me habla de su período de mandato (año y medio creo recordar) y no me da la cifra; me alegro de que hayan pagado algunas facturas, pero también le puedo poner el ejemplo del parque infantil de la Palma que ustedes lo compraron con un leasing y al final tuvimos que pagarlo nosotros; creo que el de Portamean tampoco lo pagaron; igual que otras cosas. Por lo tanto quiero decirle que me alegro de que usted alabe su gestión, pero yo represento al PP y defiendo la nuestra dando datos.

SR.ALCALDE.- As veces fai falta un pouco de micebrina: dicían que ía moi ben para a memoria; se fala de que a deuda anterior era do PP e dun grupo chamado Veciños Independentes de Baiona; eu quero recordar que o Sr.Xosé Enrique, BNG, co PSOE e VIB, gobernaron durante meses e a débeda que colleron era exactamente igual á que deixaron; aparte de pagar facturas do seu socio de goberno, Sr.Rodríguez Quintas; porque se acordará vostede que nun Pleno se levaron facturas de restaurantes que dicían eran do Sr.Benigno, e que o Sr.Benigno dixo que algunha delas tamén era dalgún da Corporación, e naquel momento creo recordar que esas facturas as aprobou o Sr.Fernández; pero despois debeu de gastar outro tanto porque cando nós entramos había exactamente 1.500.000 euros en facturas sen pagar; pero algunhas pagaron, polo menos ás dos restaurantes que había presentado o Sr.Rodríguez Quintas, que era socio do seu goberno; pero deberon de gastar outras tantas. A memoria selectiva pode ser debida a un traumatismo; a veces non se da conta un; habería que estudar esa amnesia selectiva.

Polo Sr. Alcalde procédese á votación do presente punto, resultando: 15 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE); abstencións: 2, BNG.

E por isto que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, **ACORDA:**

1º.-Aprobar el expediente nº 01/2011 de modificación del Presupuesto de 2010 prorrogado para 2011, por un total de 418.314,44 €, mediante un crédito extraordinario por importe de 212.669,44 € y un suplemento de crédito por importe de 205.645 €, según detalle de partidas que figuran en el Anexo

2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

6.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS 1/2011.

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA**, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

De conformidad con el principio presupuestario de especialidad temporal: artículo 176 del Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, no pueden imputarse a los créditos del ejercicio corriente facturas de otro ejercicio presupuestario ya cerrado, sino es a través de la figura del reconocimiento extrajudicial, prevista en el art. 60.2 del R.D. 500/90.

Las facturas que se elevan al Pleno para su aprobación, son las incluidas en la Relación nº **01-RE/11** correspondiente a facturas del ejercicio 2010 por importe de **103.878,84 €**

Se financian con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales derivado de la liquidación del Presupuesto General de 2010, aprobado por Resolución de Alcaldía de fecha 17 de febrero de 2011.

Es por esta razón que elevo al Pleno el siguiente **ACUERDO**:

-Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 01-RE/11 por importe total de 103.878,84 €, a favor de los terceros detallados en la relación citada y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2010, prorrogado para 2011 y resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 01/11.

SR. RODAL, PP.- Como ya comenté en el punto anterior con estas facturas liquidamos casi en la totalidad, creo que son unos 4.000 euros los que quedan de facturas pendientes, como han podido ver, las fechas del registro son del 2010 y 2011, y ahora mismo estamos en marzo, con lo cual estamos totalmente al día. Decir también (si este dato le vale al Sr.Fernández) que cuando nosotros entramos a gobernar la deuda viva del Concello era del 43% y ahora mismo estamos en el 17 ó 18%. Ahora estamos al día.

SR. ESTEVEZ, PSOE.- No tenemos reparos en este punto; estamos convencidos del voto afirmativo; entendemos el informe de Intervención reparando el gasto por cuestiones técnicas y creemos que es una medida absolutamente necesaria, y a pesar de que ahora se puedan generar nuevas facturas para reconocimiento extrajudicial futuro les quedan a ustedes 386.000 euros de remanente de Tesorería para después modificar el presupuesto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, grazas pola recomendación da micebrina, que o único que podo dicir dela porque o escoito na prensa, na televisión, é que é un elemento que procura máis memoria, ou que a facilita, ou a potencia; cando eu era pequeno dicían os vellos que para ter memoria había que comer rabos de pasas; pero eu sei moi ben a que se refire vostede: restaurantes, cenas, etc. Efectivamente, toda a Corporación de Baiona naquel intre estivemos en Portos de Galicia, e os portavoces municipais asistimos, entre eles o seu socio de goberno, e tamén varios compañeiros seus de partido que agora non están aquí (por iso non hai que nomealos), asistimos a unha cena despois dunha xornada de traballo na que acabamos saíndo de Santiago creo que ás 12 da noite; digo isto porque cando o público escoita isto pensará: "estes andan de cuchipanda tódolos días; póndose as botas no restaurante"; non é así, e vostede o sabe ben. Eu non teño máis que ir ós Decretos que me deron para este Pleno e facer o mesmo tipo de crítica dicindo: "oiga, ¿cánto cobran vostedes ó ano en locomocións e dietas?"; pero penso que facer este tipo de afirmacións está fora de lugar. Polo tanto, sí é certo que fomos a un restaurante a cenar pero foi despois de saír de pelexar por un tema tan importante en Portos de Galicia en Santiago.

SR.ALCALDE.- Unha aclaración: o tema non era polas facturas de restaurantes; era por recordarlle que o Sr.Benigno Rodríguez foi socio seu; porque vostede falaba de que a culpa das



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

facturas do Concello de Baiona era do PP e de Veciños Independentes; simplemente recordarlle que tamén foi socio seu.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, os que están no público non saben da historia e poden pensar “éstos andan de papada”; é mellor aclarar as cousas. Aquí, cando se fai un viaxe se anotan as dietas e os kilómetros, como debe ser; porque so faltaría que adicándonos a defender os intereses dos veciños tiveramos que tirar da nómina da casa para desenvolver a nosa función.

Claro que efectivamente nós fixemos gasto cando estivemos gobernando: porque gobernabamos; pero tamén pagamos moitas facturas que como dixen antes se debían do goberno anterior; e a xente non lle vendía ó Concello porque non cobraban, e con nós empezaron a cobrar e empezaron outra vez a vender.

Efectivamente houbo gastos de todo tipo; o Alcalde nomeu un montón deles, pero creo que dunha maneira demagóxica porque eu tamén podería dicir o mesmo agora; eu cando estiven gobernando cobreí 1.000 euros ó mes e agora mesmo o Alcalde cobra máis de 6.000; 4.000 e pico de Alcalde, e 2.200 ou 2.400 máis como Deputado provincial. Estamos falando da función política, non persoal; porque hai outros membros do goberno que gañan tamén na política e na súa función profesional e tampouco vou a dicir eu nin o que gañan nin tampouco me importa; pero na parte política sí. Podemos desbarrar por tódolos lados e dicir o que nos convén de cara á galería pero a realidade é ben distinta. Non teño nada máis que dicir ó respecto; vamos a seguir mantendo a mesma postura do principio de abstermos, máis que nada por responsabilidade.

SR.R ODAL, PP.- Simplemente decirle al Sr.Fernández que no sé como se puede abstener de pagar unas facturas a unos proveedores. Dice que es “por responsabilidade”, ¿por responsabilidade de qué?; no entiendo; estamos hablando de un punto para poder pagar 103.878 euros a proveedores, la Ley dice que hay que pagar en unos plazos y estamos cumpliendo la Ley, yo no entiendo que usted diga que por responsabilidad se va a abstener.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Xa dixen antes que vostedes teñen 9 votos para aprobar un orzamento e non o fixeron e por culpa da súa irresponsabilidade ten que vir agora unha factura extraxudicial; se houberan feito polo método tradicional e ordinario estes señores houberan cobrado, pero como utilizan a fórmula de aprobación extraxudicial resulta que agora ten que seguir un procedemento e os provedores teñen que esperar moito máis a cobrar. Polo tanto, é a súa responsabilidade, é unha acción de goberno, eu non o critico, pero sí critico que se vostedes fixeran as cousas como tiñan que facelas agora non tiñan que estar con estas historias; se houberan aprobado no mes de novembro o Orzamento como se fai en tódalas lexislaturas; cando se teñen 9 votos hai que exercelos para gobernar, para ben ou para mal, pero deben vostedes exercelos; o que pasa é que foi estratexia política simplemente, tarde, de prisa e mal; o seu socio de goberno, como non pode dispor dun Orzamento, pois non o aprobaron, nin máis nin menos; alá el; se xoga é un problema del; o que pasa é que en todo isto arrastran vostedes a toda a poboación.

SR.ALCALDE.- Simplemente dicirlle que o soldo do Alcalde se aprobou nun Pleno e quen votou foi o BNG, VIB, e PSOE. O soldo que está cobrando actualmente o Alcalde é o que se fixou o Alcalde que vostede votou: o Sr.de la Peña, e foi cos seus votos, cos de Veciños Independentes, máis IPC e menos o 8% do ano pasado; ese é o soldo do Alcalde. E o que cobra o Alcalde como deputado provincial (que non paga esta casa, senón que paga Deputación) é similar o que cobran os concelleiros, os deputados, do BNG e do PSOE. Cada ún ten unha asignación, por deputado, non por Alcalde; ou por concelleiros nos seus respectivos Concellos.

Respecto ó presuposto creo que vostedes no tempo que gobernaron non chegaron a aprobar dous; un me parece que si; pero non aprobaron ningún máis. Simplemente se trata de necesidades, de condicións, pero realmente non hai moitos Concellos que poidan dicir o que pode dicir Baiona neste momento: que non se debe ningunha factura porque os 3.000 ou 4.000 euros que non se pagan, que quedan en facturas por pagar, é porque non están aprobadas, e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

hai que confirmar que son correctas antes de aprobalas e pagalas, e non queda nada máis que pagar ós provedores. Quixera saber cántos Concellos na Provincia, ou en Galicia, poden dar estes datos a día de hoxe. Os provedores están moi contentos co Concello de Baiona porque están cobrando en prazos que nunca antes cobraron; nunca, dende fai moitísimos anos. Polo tanto creo que polo menos deberíamos estar contentos de que os provedores en Baiona poidan cobrar.

Polo Sr.Alcalde procédese á votación do presente punto, resultando: 15 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE); abstencións: 2, BNG.

E por isto que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, ACORDA:

-Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 01-RE/11 por importe total de 103.878,84 €, a favor de los terceros detallados en la relación citada y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2010, prorrogado para 2011 y resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 01/11.

SR.ALCALDE.- Quixera felicitar ó equipo técnico, fundamentalmente de Intervención, polo traballo realizado e que está dando os froitos requiridos.

7.-ADHESIÓN DO CONCELLO DE BAIONA Ó CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA E ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN.

O **SR.ALCALDE** cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da lectura á seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Visto el Artículo 7.2 del real Decreto 208/2005, de 25 de febrero, sobre aparatos eléctricos y electrónicos la gestión de sus residuos prevé la participación de las Entidades Locales en los sistemas integrados de gestión de residuos de aparatos eléctricos y electrónicos, mediante la adhesión al Convenio de colaboración firmado entre los sistemas integrados de gestión y las Comunidades Autónomas.

Visto el Convenio Marco de Colaboración entre la Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia y las Entidades Gestoras de los sistemas integrados de gestión (SIG) de residuos de aparatos eléctricos y electrónicos (RAEE) de fecha 18 de enero de 2009 por el cual se regulan las actividades de las entidades gestoras de los SIG de RAEE firmantes en el marco geográficos de la Comunidad Autónoma de Galicia, con el fin de asegurar el cumplimiento de lo exigido en el Real Decreto 2008/2005, y demás normas legales que sean de aplicación a este tipo de residuos. Igualmente en dicho convenio se recogen los compromisos por parte de las Entidades gestoras de los SIG respecto a la gestión de los RAEE de origen no domiciliario depositados en los centros de almacenamiento municipal, por los distintos agentes económicos que reciba o posean estos residuos, siempre que se trate de RAEE que tengan la consideración de residuos urbanos.

Entre el ámbito de actuaciones objeto del convenio se encuentra, entre otras, regular la participación voluntaria de las Entidades Locales en los sistemas integrados de Gestión de RAEE, y establecer los mecanismos de adhesión del Convenio Marco.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Vista la cláusula quinta del Convenio relativa a los compromisos que deberán asumir los Entes locales señalar que respecto a lo previsto en el apartado quinto relativa a los horarios de apertura al público el pliego de prescripciones técnicas que rige el actual contrato concesión de explotación del punto limpio establece como horario de apertura al público los miercoles y sábados: de 10:00 h as 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas y lunes de 10:00 horas as 14:00 horas.

De conformidad con el artículo 6 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Bases de Régimen Jurídico y Procedimiento administrativo común, artículo 26.1 de la Ley 7/85, de bases de Régimen local, esta Alcaldía propone al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, la adopción del siguiente acuerdo:

- Adhesión del Ayuntamiento de Baiona al Convenio Marco de Colaboración entre la Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia y las Entidades Gestoras de los sistemas integrados de gestión (SIG) de residuos de aparatos eléctricos y electrónicos (RAEE) de fecha 18 de enero de 2009 con el horario de apertura al público del punto limpio previsto en el pliego de prescripciones técnicas.

CONTINUA.- Esta adhesión al Convenio Marco tendría una duración de 5 años; es muy importante esta adhesión porque sino tendremos que asumir nosotros la gestión del punto limpio con estas empresas del sistema integrado de gestión. Felicitar a Manuel Vilar por llevar adelante la Concejalía de Medio Ambiente; nuestro punto limpio lleva casi 6 años y es uno de los que mejor está funcionando; para esta adhesión cumple los requisitos de horario puesto que pedían que fueran 3 días los que estuviese abierto y nuestro punto limpio está 3 días abierto, y también hay una serie de trámites para que estos aparatos sean recogidos por una empresa gestora en nuestro punto limpio. También habrá un pequeño incremento que hasta ahora no había; pagan por tonelada, creo que son 80 euros por tonelada de residuo, que nos los subvencionará la Xunta.

SR. ESTEVEZ, PSOE.- El grupo municipal socialista es totalmente partidario de la adhesión del Ayuntamiento de Baiona al Convenio Marco; y de gratos recuerdos, pues la Consellería de Medio Ambiente, con su titular Manuel Vázquez, para Baiona realmente ha hecho una labor muy importante, grandes inversiones que ahora mismo estamos disfrutando, y este Convenio así también lo resalta.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, nós tamén por suposto vamos apoiar esta proposta; dende o BNG creemos que esta é a xestión que hai que levar a cabo e minimizar ó máximo os gastos que poida provocar o punto limpo. Quero corrixir ó Sr.Rodal en que non leva 6 anos funcionando o punto limpo: leva 8; case 8; porque lle quero recordar que a primeira vez que se falou dun punto limpo en Baiona foi estando eu de Concelleiro de Vías e Obras e de responsable de limpeza, e se creou un punto limpo que por suposto e hai que recoñecelo, e é así, mellorou moitísimo, porque naquel momento houbo que atallar un problema urxentemente posto que se había pechado o vertedoiro de Silleiro e non se había buscado ningún tipo de alternativa, e houbo que buscar a galope unha solución transitoria que foi levada a cabo cos medios que tiñamos naquel momento e si empezou a funcionar. Creemos que funcionaría mellor si estivera público e non privatizado (da maneira que está agora), pero foi unha decisión política que se tomou no seu día e agora mesmo estamos como estamos; pensamos que este é o camiño a seguir e polo tanto vamos apoiar a proposta.

SR.VILAR, CMÑ.- Este é un tema de máximo interés; se fixo un gran esforzo en materia de reciclaxe de residuos, sobre todo coa posta en marcha do punto limpo. Por suposto hai que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

recoñecer os importantes apoios que o Sr.Vázquez lle deu ó Concello de Baiona, coa depuradora e todos eses temas que están ahí, pero por outro lado (independentemente de que o Bloque vote a favor, cousa que me parece razoable) quero recordar a solución transitoria que o Sr.Fernández deu daquela cando se pechou Silleiro, que foi depositar os residuos dentro da batería de Silleiro; sí: dentro da batería, onde está o recinto, alí. Depositou tódolos residuos dentro da Batería; e nós denunciámos daquela públicamente este tema e recordo as palabras de Xose Enrique: “caray, anduvedes finos, eh”; foi a única forma de evitar semellante barbaridade; o punto limpo colocouse onde está e que foi un convenio coa Asociación de Montes de Bahiña, tamén houbo acordos coa Asociación de Montes de Baiona, cousa positiva chegar a acordos, e non facéndoo á brava como o fixera o Sr.Fernández cando tiña responsabilidais de goberno. Me congratulo de que tamén vote a favor porque significa que é unha persoa sensata.

SR. RODAL, PP.- Decirle al Sr.Fernández que cuando hablaba de los 6 años del punto limpio tenía que haber dicho “homologado”; obviamente ustedes gestionaron el punto limpio de la manera que mejor pudieron, un año y medio, pero homologado realmente es el punto limpio que está ahora; tiene unas directrices.

Y cómo no, dar la razón al Sr.Estévez; creo que aquí, reiteradamente, tanto el Alcalde como Manuel Vilar han comentado que el anterior Conselleiro de Medio Ambiente (al igual que el de ahora) hizo muchas infraestructuras, también la ampliación del embalse, el tema de la depuradora, y cómo no, el punto limpio; de hecho, cuando fué la presentación del punto limpio, nos comentó el propio Manuel Vázquez que en su Municipio, cuando él era Alcalde, había muchos puntos limpios y que la Xunta hacía lo que era la obra, la instalación, pero que después estaban cerrados porque los Ayuntamientos no tenían potestad, no tenían recursos, para que siguiesen funcionando. Por eso decía antes que el nuestro, desde el momento que se inauguró, ya estuvo funcionando, sin menospreciar los límites muy cercanos que estuvieron cerrados más de un año por falta de funcionamiento; por lo tanto doy las gracias a la Xunta pero también al organigrama municipal por hacer que funcione.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Rodal, efectivamente non era un punto limpo como dí vostede “homologado”, pero naquel momento sacounos do apuro e funcionou máis ou menos como debía funcionar.

Cada día estou máis preocupado pola saúde mental do Sr.Vilar, creo que xa a micebrina xa non lle vai a facer efecto, Sr.Vilar; vostede mezcla o tociño coa velocidade dunha maneira tan rápida que calquera día o colle o rádar; isto é algo preocupante xa; eu non sei de onde saca vostede esas historias; efectivamente alguén botou contenedores de lixo dentro da Batería de Silleiro pero non foi co consentimento do goberno senón que foi unha iniciativa dunha empresa que se tiña contratada e o botou alí, e automaticamente o fixemos sacar. Botou os residuos onde non debía dunha maneira irresponsable, e fumos o goberno local naquel momento, eu persoalmente, quen o denuncié no SEPRONA; e automaticamente o sacaron, limparon e levaron; so faltaría que usáramos a batería de Silleiro como contenedor gigante; os que fixemos alí a milli temos moi bo recordos (malos, pero bos tamén) e estamos pola labor de aproveitar esas instalacións, cousa que este goberno local, vostedes, non son capaces, polo que se ve.

Polo tanto eu pediríalle que se puxera nas mans dun facultativo (sexa o Alcalde ou quen sexa), e “medicina mental”; debe de facelo porque ultimamente me está preocupando; llo digo con todo o cariño.

SR.VILAR, CMÑ.- Lle digo que hai testigos, e medios de comunicación, que naquel momento anduveron moi activos; se sabe que o Sr.Fernández foi o responsable; e se foi unha empresa contratada polo Sr.Fernández e él non se enteraba, máis grave todavía, porque ¿en qué mans puña ó Concello?. Ou sexa: vostede contrataba e logo deixaba que fixeran o que lles dera a gana; iso é máis grave todavía; pero non tiña experiencia de goberno e polo tanto vamos a disculpálo.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Apuntar, como dixen outras veces, que Manuel Vázquez, como Conselleiro de Medio Ambiente, para Baiona foi moi positivo; eu non estou de acordo coas súas últimas declaracións pero no período que foi Conselleiro tivo unha actitude moi positiva con Baiona e dende logo se conseguiron logros importantes medioambientalmente nese tempo; me gusta sinalar todo isto, independentemente de que creo que ultimamente perdeu un pouco o norte.

Polo Sr.Alcalde procédese á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

E por isto que o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

- **Adhesión do Concello de Baiona ó Convenio Marco de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos sistemas integrados de Xestión (SIX) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE) de data 18 de xaneiro de 2009 co horario de apertura ó público do punto limpo previsto no prego de prescricións técnicas.**

8.-MOCIONS DOS GRUPOS MUNICIPAIS RELATIVA Ó GRUMIR.

Polo Sr.Alcalde se da conta da seguinte Moción presentada polos grupos municipais:

MOCIÓN RELATIVA O MANTENEMENTO DO SERVIZO DE EMERXENCIAS NA MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR

En data 28 de marzo de 2008 Mancomunidade de Concellos do Val Miñor asumiu a competencia da prestación do servizo de emerxencias a través do Grupo municipal de intervención rápida (GRUMIR). O GRUMIR está formado por un grupo estable de tres membros financiados o abeiro dun convenio asinado entre a Xunta-FEGAMP e Mancomunidade e o grupo renovable formado por quince traballadores (tres capataces e doce peóns) que a MCVM veu contratando a través dun contrato de obra ou servizo por un período de nove meses en virtude da orde de convocatoria que anualmente aproba a Consellería de Benestar Social e Traballo.

Resultando que os membros do grupo estable e renovable do GRUMIR presentaron no último trimestre do ano 2010 reclamación previa á vía laboral e posterior demanda ó Xulgado do Social de clasificación de traballo ós efectos da súa consideración como persoal laboral indefinido.

En data 3 febreiro de 2011 a MCVM tivo coñecemento da primeira das sentenzas na que recoñece o carácter indefinido da relación laboral dos membros do GRUMIR ó considerar que o servizo prestado é de carácter permanente e non responde ós presupostos fácticos do contrato de obra ou servizo.

O recoñecemento do carácter indefinido da relación laboral dos membros do GRUMIR implica dende o punto de visto económico un custo de 300.000 euros, importe que excede da metade do presuposto da MCVM que é de 488.050,16 euros. Isto determina a inviabilidade económica do mantemento da prestación do servizo do GRUMIR durante todo o ano e con quince persoas cos recursos económicos que dispón a MCVM.

O artigo 26 da LRBRL establece como servizo mínimo dos municipios de máis de 20000 habitantes protección civil e prevención e extinción de incendios polo que ningún dos municipios mancomunados está legalmente obrigado a prestación de dito servizo. Non obstante, os concellos a través mancomunidade do val Miñor optou por prestar un servizo de emerxencia e, de feito, destina máis diñeiro a este que outras mancomunidades.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Asemade destacar que a Dirección Xeral de Emerxencias asumiu o compromiso de posta en marcha dun parque de bombeiros na nosa comarca e que beneficiaría os concellos de Baiona, Gondomar, Nigrán e Oia.

Dada as características especiais dos municipios mancomunados é intención da MCVM a continuidade da prestación do servizo de emerxencias cos limitacións económicas que impón ó propio orzamento da mancomunidade e que supón unha redución do número de efectivos.

E por isto que os grupos municipais do Concello de Baiona propoñen ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra a realización, de forma urxente, dos trámites necesarios para a dotar ó Val Miñor dun parque de Bombeiros en aras de garantir a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios.

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra una axuda económica para garantir a prestación do servizo de emerxencias mentres non se dote ó Val Miñor dun parque de bombeiros.

Baiona, 28 de febreiro de 2011

O voceiro do grupo municipal do PP
Asdo.- Ángel Rodal Almuíña

O voceiro do grupo municipal de CMÑ
Asdo.- Manuel R. Vilar Márquez

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE
Asdo.- Rafael Lores Rosal

O voceiro do grupo municipal do BNG
**Asdo.- Xosé Enrique Fernández
Fernández**

SR.ALCALDE.- Esta é a Moción que en principio levamos para aprobar e que, como dicíamos, loxicamente, se proseguirá a tarefa no Pleno da Mancomunidade que é onde se tomará a decisión definitiva sobre este asunto.

SR. RODAL, PP.- El Alcalde ha definido perfectamente la Moción; resaltar lo que ha dicho de que está firmada por los 4 grupos políticos que representan esta Corporación Municipal, imagino que después irá a los restantes municipios de Gondomar y de Nigrán, a sus respectivos Plenos, y obviamente la decisión definitiva la tendrá la Mancomunidade.

Se ha comentado el importe, que sería de 300.000 euros, lo que supone entre el 60 y 70% del presupuesto actual de la Mancomunidade, que no llega a los 500.000 euros. La zona del Val Miñor, con 45.000 habitantes durante 9 ó 10 meses al año, y que llega a triplicarse, necesita un parque de Bomberos; esta es una petición que se ha hecho en distintas Corporaciones anteriores y que ahora hemos firmado los 4 grupos políticos porque creemos que tenemos que tener un Parque de Bomberos totalmente profesionalizado; después pediremos las ayudas económicas tanto a la Xunta como a la Diputación para poder dar el mejor servicio posible a todos nuestros vecinos, que ahora son unos 45.000 entre los 3 municipios; y como bien ha dicho el Alcalde, son 45.000, pero un GRUMIR implica que sean más de 20.000 por municipio y en este caso el municipio mayor es de 17.000 habitantes; nosotros tenemos 12.000, por lo que no se cumple este requisito.

SR. LORES, PSOE.- Efectivamente esta foi unha moción consensuada por tódolos grupos políticos e polo tanto ímola apoiar. E importante resaltar que o parque de bombeiros comarcal é unha vella reivindicación dos 3 Concellos e volve a ser oportuna esta petición. Sinalar tamén, como o Alcalde sabe, que no derradeiro Pleno provincial do ano pasado, do mes de decembro,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

aprobáronse os Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para prevención de servizos contra incendios e Salvamento, e este Consorcio que está constituído pola Xunta de Galicia e máis a Deputación Provincial, ten entre os seus fins, entre outros, ó de colaboración cos servizos municipais de Protección Civil dos Concellos para o salvamento das persoas e dos bens, e prevención da extinción de incendios; polo tanto parécenos que é oportuna esta petición posto que hai xa unha manifestación por parte da Xunta e da Deputación da necesidade destes servizos nos Concellos de menos de 20.000 habitantes. Por suposto, unha vez que esta Comarca teña un Parque de Bombeiros, tamén é posible seguir mantendo a presenza neste Consorcio, se así o decide a Corporación que nese momento esté. Creemos oportuna esta petición e a solicitude ós dous Organismos, tanto ó Organismo Provincial como ó Autonómico, porque xa hai un compromiso e unha sensibilidade cara a este tema. Parécenos oportuna esta Moción e estamos a favor.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Na última Comisión Informativa o BNG presentou unha Moción por vía de urxencia respecto ó tema da situación do GRUMIR, pero despois de escoitar ó Alcalde e ver que xa tiña intención de levar a moción á Mancomunidade e manifestar a súa preocupación polo tema pois nós retiramos esa moción porque o fin que perseguíamos era establecer un Servizo de Emerxencias no Val Miñor a costa do que sexa, e polo tanto retiramos a Moción e o pensamento que temos segue sendo o mesmo; a preocupación que hai na rúa respecto a este tema, as inquietudes que hai son preocupantes; a xente está moi sensible, moi preocupada ó saber que un servizo como o que presta o GRUMIR poida ser mermado ou eliminado. En Baiona, aínda que os máis novos non o recorden, falo de case 30 anos aproximadamente, puidemos vivir unha desgraza espeluznante a 50 metros de esta Casa; unha familia enteira, a nai e os seus fillos morreron abrasados dunha maneira impresionante; eu vivín aquilo moi de perto, estaba diante cando sacaron os cadáveres e me marcou para toda a vida; é impresionante o que pode facer o lume; todo o mundo falaba e criticaba o mesmo: da falta de previsión das autoridades locais ó non haber nin bocas de rego, nin bombeiros, non había nada; o único que había era unha escaleira que un compañeiro de FENOSA foi correndo a buscar pero xa foi tarde, é dicir, non se puido facer nada. Eu había estado nesa vivenda 3 semanas antes, traballaba daquela pola miña conta de electricista, e houbo un problema eléctrico, que foi ese o problema inicial do incendio e foi moi rápido todo, unha situación moi rápida que ao mellor, ó non atallála ó principio, colleu unhas grandes dimensións. Esa é basicamente a función do GRUMIR: a cercanía, e a rapidez; e tamén a profesionalidade dos seus membros.

Eu poño este exemplo porque calquera veciño deste pobo, ou da Mancomunidade, ou calquera visitante, non está libre de ser usuario do GRUMIR en calquera momento; a calquera hora do día; en calquera día do ano; polo tanto é unha cuestión básica e vital para tódolos cidadás; pensamos que debe de ser así. Dende o BNG creemos que é unha cuestión básica e vital como comer, beber, ou respirar. Unha situación de emerxencia pódese dar en calquera momento.

Quixera dicir que o GRUMIR, cando se creou, era unha gran chapuza; con estas palabras a definen tódolos que entenden da materia: unha gran chapuza; foi creada para substituír ós parques de bombeiros que no se acababan de crear e inicialmente foi unha coladeira de enchufados para pagar favores políticos, fundamentalmente, e crear así votos cautivos. Pero por sorte para todos nós se puxo en valor por mérito indiscutible dos seus propios membros, dos que formaban o grupo do GRUMIR, e se conseguiu establecendo unhas Bases de contratación, creando así unha selección e un equipo de homes e mulleres dos máis considerados en toda Galiza; e iso hai que recoñecelo; debemos de facelo porque é certo e é así, e a proba délo é que soamente vendo actuar a esta xente nos damos conta da sorte que temos, da súa profesionalidade e da súa valía, ó longo destes anos, de tódolos éxitos que teñen acadado en situacións extremadamente complicadas, moitísimas veces arriscando a súa vida sen dudar, e temos probas delo tódalas semanas; nas últimas semanas, 2 ou 3 veces, actuando de maneira que teñen salvado vidas, como case sempre o fan; acordémonos da actuación que tiveron en Monteferro, e noutras ocasións. Simplemente vivindo unha situación desas ó seu lado basta para darse conta da necesidade que temos deles. Polo tanto, para nós é unha cuestión insalvable,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

imprescindible, que os traballadores necesarios para manter o servizo de emerxencias estén durante tódolos meses do ano.

Evidentemente isto supón un custo importante; un custo, como dicía o Alcalde, inasumible para a Mancomunidade; eu, membro do Pleno da Mancomunidade, dixen na última intervención que fixen sobre os orzamentos deste ano que non estaba de acordo coa cantidade que se establecía, que así morría a Mancomunidade, é dicir: a Mancomunidade non soamente pode estar para manter a piscina, atención ás praias, e pouco máis; temos que ser máis ambiciosos e para iso non hai que darlle competencias á Mancomunidade senón que o que necesita son competencias e diñeiro; debe ser un obxectivo prioritario que a Mancomunidade afronte os servizos que pretendemos todos.

Nós convidamos ó goberno, membro do goberno na Xunta da Mancomunidade, que se poñan a traballar nesta cuestión, que fagan as xestións oportunas para seguir mantendo o servizo de emerxencias e que, dunha vez por todas, saquen da incertidume a estes 15 homes e mulleres que son traballadores como todos nós e que necesitan unha estabilidade laboral; estabilidade laboral que a Xunta de Galiza e a Deputación son os que terán que afrontar economicamente, e quizás a Mancomunidade teña que facer algún esforzo tamén; pero seguindo os protocolos que se seguen en toda Galiza deberan ser a Xunta e a Deputación Provincial quen fundamentalmente se fagan cargo do custo deste servizo que, como digo, para nós é imprescindible e fundamental.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos de acordo coas peticións que se fan de solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a realización de forma urxente dos trámites necesarios para dotar ó Val Miñor dun parque de Bombeiros, en aras a garantir a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios; ademais teño que engadir que en relación a esta petición o Concello de Baiona no seu avance do Plan Xeral conta cunha parcela para ubicar, nunha zona estratéxica do noso Concello, o futuro parque de Bombeiros da Mancomunidade, en concreto no cruce de Baredo, para que poidan ir a Santa María de Oia, que estaba tamén no Convenio, e acceder incluso pola autopista, circunvalar ou acudir a Baiona directamente. A parcela ten un gran valor estratéxico. Solicitar da Xunta e da Deputación unha axuda económica para garantir a prestación do servizo ao maior número de membros posible, porque sen esta axuda non sería posible a prestación do servizo da maneira que todos quixeramos. Me parece un acordo razoable e vamos a votar a favor.

SR. RODAL, PP.- Decirle al Sr.Fernández que es cierto lo que comentó aquí; nadie niega la profesionalidad del GRUMIR, que están aquí, y de los que no están aquí; todos sabemos perfectamente el trabajo que hacen. Quiero comentar una anécdota: casualmente, la única vez que quedé de Alcalde (la Corporación había ido a Vila do Bispo por lo del hermanamiento, y usted también fue) pues tuve la desgracia de que hubiera un incendio al lado de la casa Torrente Ballester y en ese momento asistió el GRUMIR, vino el camión cisterna, y vino Rosi, y el que les habla pues tuvo que echar una mano, dentro de mis limitaciones; yo no hice nada, Rosi poco pudo hacer, pero lo que sí está claro es que necesitamos un servicio de 365 días, 24 horas al día, y con profesionales; y hay que intentar buscar la mejor solución para todos; pero al final hay que ir a los datos económicos y eso es lo que tiene que estudiar la Mancomunidad y ver si es viable ó no; y por supuesto que el GRUMIR, tanto los miembros actuales como los anteriores, siempre han sido muy profesionales; y yo no sé, sobre lo que comentó el Sr.Fernández (porque yo llevo menos tiempo aquí) si al principio había enchufados ó no, yo en este tema no me meto; pero la gente que conozco, algunas están aquí y las conozco personalmente, son gente muy competente.

SR.LORES, PSOE.- O grupo socialista tamén reconece o traballo feito polo GRUMIR; é un servizo imprescindible e ten que dotarse de tódolos medios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do seu traballo. Simplemente iso: o recoñecemento á labor feita polos profesionais e por tódolos membros do GRUMIR do Val Miñor.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Rodal, me acaba de tranquilizar vostede bastante, non só a min seguramente, a máis xente; e digo isto porque dí que efectivamente debemos de ter un GRUMIR profesionalizado; con respecto ó que dixo dos enchufados, eu tampouco o sabía, eu cando veño ó Pleno veño con información e procuro investigar ó máximo posible; porque claro, isto de dicir “unha coladeira de enchufados para pagar favores políticos” é forte, pero parece ser que era así; ¿qué pasa?, que calquera de nós o ve un pouco alleo porque ata ben fai pouco este servizo estaba en Nigrán e tampouco o vivíamos tan de cerca; en todo caso a min persoas dentro do ámbito do GRUMIR, dende o principio, incluso de Protección Civil, me informaron de que isto era así; ou sexa, que non había profesionais e facían o que podían, basicamente; e que se metía alí á xente para pagar favores políticos. Pero ese non é o caso de agora; agora hai xente profesional que, como dixen ó principio, está moi ben considerada en toda Galiza, é dicir, somos dos privilexiados que temos un equipo do GRUMIR moi competente, moi profesional; e iso é importante, e iso hai que pagalo.

Por certo, son mileuristas, gañan 1.000 euros ó mes, tampouco é unha maravilla co traballo que fan; e claro, decía que me tranquilizaba porque na Comisión Informativa e na prensa se pudo leer esta semana que se estaba falando por parte da Presidencia (é dicir, do Sr.Alcalde) da Mancomunidade, e me imaxino que será unha decisión da Xunta da mancomunidade, non do Presidente soamente, de tomar a decisión de querer quedarse con 6 profesionais do GRUMIR e o resto facelo con xente voluntariado; e nós aquí estamos totalmente en contra desa postura porque creemos que como dixen na Informativa os voluntarios, Protección Civil e os voluntarios, é un corpo ben querido por todos, que fan un traballo excelente, pero que fan o que poden; fan o que poden porque hai xente de todo tipo, de tódalas condicións, físicas, mentais, de todo tipo, preparados, non preparados, e fan o que poden, e temos que contar con iso: que están para facer o que poden. E os que traballamos con eles, non estaremos cansos de agradecerlles o traballo que fan, e sabemos que é así; a experiencia que teño eu foi no Prestige, e se traballou con eles, e duro, e fixérnolo moi ben, pero teñen as súas limitacións, como todos nós. Entón, de iso a metelos a traballar como profesional do GRUMIR hai unha gran diferenza, pensamos que sería un gravísimo erro.

Cando falamos de cifras estamos falando de 300.000 euros ó ano, en todo caso serían 100.000 euros por Concello, cantidade importante; isto todo sen contar de que a Xunta de Galiza e a Deputación non aportaran nin un duro, cousa que pode suceder, porque que alguén me explique porque motivo non se solicitou a subvención á Xunta de Galiza e ós organismos correspondentes en tempo e forma; quero recordarlles que segundo parece acabou esa solicitude o 18 do mes pasado, parece ser, non o sei, igual hai prórroga, oxalá; en todo caso quen tomou esa decisión creemos que foi dunha grandísima irresponsabilidade ó facelo; sexa o Presidente ou a Xunta de Goberno da Mancomunidade; nos dá igual: unha grave irresponsabilidade.

E claro, todo isto sucedía porque os traballadores, no seu pleno dereito, reclaman o que creen oportuno; defender os seus intereses laborais; con tódala razón do mundo; e con tódala razón do mundo e con tódolo sentido común temos que dicir que o Xuiz apoioullos, e polo tanto estes traballadores deberán de ingresar de maneira fixa e permanente nas nóminas ou da Mancomunidade, ou do GRUMIR, ou dos Concellos, non sei cál sería a fórmula correcta, de maneira fixa durante os 12 meses e cobrando o salario que teñen que cobrar.

Senón se fai así, si se elimina o GRUMIR e se fai a fórmula que se pretende, de coller a 6, a eses 6 non os indemnizarían, pero ós outros 6 sí. Por certo, hoxe pola mañá solicitei da Intervención que me dera estas cifras aproximadas e me pediron que o fixera por escrito; eu quero recordar aquí que os servizos de Intervención, Secretaría, e tódolos servizos técnicos deste Concello son empregados municipais, non son empregados do goberno local, e polo tanto tódolos políticos temos dereito ó acceso a toda documentación que se manexe nos Plenos e na Corporación; todos temos dereito e non se nos facilita a documentación; eu non sei si é unha iniciativa da Interventora ou do Alcalde, pero quero recordar que a Interventora e a Secretaria son empregadas municipais e están ó servizo de toda a Corporación, non so do goberno; porque senón entón entraríamos noutra situación.

A pesares de iso, eu me molestei en averiguar con qué cantidades habería que indemnizar a esas 6 persoas que supostamente se despedirían, e sería de 6 a 12.000 euros de media cada



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

un; si se despediran a todos, serían máis de 180.000 euros, porque os 3 que levaban todo o ano cobrarían moito máis de 12.000 euros. Vamos a pólo ahí: 180.000 euros de despido improcedente, si se recolle a sentenza nese sentido; a isto temos que engadir o que nos van a custar os voluntarios, porque tamén hai que pagarlles, hai que pagarlles dietas e non sei qué máis, pero tamén cobran.

SR.ALCALDE.- Está sacando o debate do que ten que ser; o que está dicindo hai que dicilo no Pleno da Mancomunidade, non no Concello de Baiona. A señora Interventora non lle pode dar os datos que pide porque a día de hoxe non os ten, porque se está negociado cos abogados das partes. Recórdolle tamén que a señora Interventora neste caso non é Interventora do Concello de Baiona, é Interventora da Mancomunidade, e aquí está nun Pleno de Baiona; entón os datos terán que ir a través da Mancomunidade, pero é que a día de hoxe non están cerrados, e a decisión non a vai a tomar o Pleno de Baiona, a tomará o Pleno da Mancomunidade; o digo para ver si se centra porque non o veo moi centrado; trae un discurso moi bonito pero non está nada centrado.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha vez máis lle digo que me alegra que me interrumpa porque cando o fai é porque lle estou metendo o dedo na ferida; é así de claro, sempre sucede o mesmo. Volvo a recordarlle que os empregados, os funcionarios do Concello, son empregados do Concello a disposición de toda a Corporación e non soamente do equipo de goberno; e lle digo máis: esta semana fun á oficina de Urbanismo, estaba alí a nova Arquitecta municipal e nin tiveron a delicadeza de presentarnos. Isto é unha puntualización, nada máis.

En todo caso non estou fora do debate e sei do que hai que falar na Mancomunidade; pero recorde que lle dixen, na Comisión Informativa, que había moitos puntos en común, moitos, e que polo tanto poderíamos levar unha proposta única aínda que sexamos partidos totalmente distintos en ideoloxía e en programas. Unha proposta única como Concello de Baiona á Mancomunidade, para así forzar unha situación favorable para todos; por iso lle estou dicindo o que lle estou dicindo; e por iso lle facía referencia ó que nos pode custar a parte económica, que neste caso a min é a quen menos preocupa, con tódala crise que está caíndo; a min o que me preocupa é que mañá, ou hoxe pola tarde, haxa un accidente e cunha persoa quede aprisionada no coche e non haxa ninguén que a libere para levála ó hospital; iso sí que me preocupa, porque entre outras cousas podemos ser calquera de nós. E con un profesional e un Centro de voluntarios non se resolve este problema, iso sí que me preocupa; por iso non estou fora de lugar con estas propostas que estamos facendo.

En Redondela e na Guarda si renovaron eses contratos, si teñen o servizo; ¿porqué nós non?. Dicen vostedes "como non temos 20.000 habitantes non temos obriga de ter este servizo", ¿e qué?, hai servizos de bombeiros en Galiza que están atendendo á poboacións mancomunadas de 5.000 habitantes, con moito territorio pero de 5.000 habitantes, vostede o sabe perfectamente. A Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 26 dí: "Los municipios por sí, ó asociados, deberán prestar en todo caso los servicios siguientes:..." e entre eles dí: "...con poboación superior a 20.000 habitantes ou equivalentes, ademais de Protección Civil, tal,e extinción de incendios", polo tanto a Mancomunidade, un órgano oficial, colexiado, e tódolo que lle queramos chamar, que andamos no inverno no peor dos casos arredor de 45.000 habitantes ou máis, e no verán cerca dos 50.000 xa soamente nós, xa non digamos engadindo Nigrán e Gondomar, ten a obriga "legal" de facelo, ou polo menos "moral", non debemos de xogar con estas historias.

Eu, a día de hoxe, tantas promesas que teñen feito dende a Deputación, dende a Xunta, non sei porque motivo non se creou o parque de Bombeiros, aínda non o sei, non o entendo; non sei que empeño ten o Sr.Louzán en impedir que se creen eses parques de Bombeiros; bueno, non o sei non, o imaxino, porque ¿cál é o problema de crear unha plantilla de 15 persoas fixas para un traballo que se necesita todo o ano?, ¿onde está o problema?, porque si fai falta, fai falta; ¿onde está o problema?.

O Sr.Alcalde dí que considera que nun prazo de 2 anos poderemos conseguir un parque de Bombeiros para esta Mancomunidade, e nós estamos de acordo, é dicir: a iso é ao que hai que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ir; e non sei se haberá que ubicálo en Baredo, ou en Ramallosa, non o sei, pero hai que buscar un sitio operativo sobre todo, operativo; e que entre Oia me parece o máis normal e corrente tamén. Non sei cál é o motivo porque non se fixo ata agora, pero como dixen antes mo imaxino; o mellor é que claro, se agora metemos en plantilla a estas 15 persoas, dentro de 2 anos cando se cree o parque de Bombeiros, non se pode privatizar, e ahí está a clave da cuestión; que ao mellor, como xa nos ten acostumados, o PP, no seu afán privatizador de todo canto tocan, pretende tamén privatizar o parque de Bombeiros; e claro, cando un leva dúas semanas investigando sobre este tema aparece un nome en escena: Celta prix; xestión de parques en Pontevedra; que alguén me diga quen está detrás de Celta Prix; eu non, pero ao mellor se llo preguntan ó Sr.Louzán pode dicilo; eu non, non teño posibilidades para chegar a esa información; ao mellor o Sr.Louzán pode dicilo, como manda en toda Pontevedra él seguramente que coñecerá mellor.

Sr.Alcalde, nos preocupa moitísimo este tema, e a vostede tamén, me consta; pero tamén nos preocupa moitísimo que se chegue a privatizar un servizo deste tipo; nós creemos na xestión pública, sempre o dixemos, e cando hai que contratar a 15 persoas todo o ano pois se contratan e se acabou, e se busca a solución por onde sexa; e solucións hai; e diñeiro para isto ten que habélo; a Xunta de Galiza está gastando 600.000 euros nunha rotunda en Sabaris que daba para 2 anos do GRUMIR; eu houbera firmado ó momento ese cambio; ao momento; sen problema ningún. Que non se fagan esas obras, ninguén as pediu; 600.000 euros; 100 millóns de pesetas; e agora estamos falando aquí de que non hai 300.000, cada ano, para meter a 15 homes e mulleres nun sistema de Emerxencias. Para nós, señores concelleiros, é imprescindible e irrenunciable que o GRUMIR, ou o sistema que sexa de Emerxencias, nos teña cubertos durante os 12 meses do ano, con xestión pública e directa, como estiveron ata agora, e que ademais o fagan profesionais.

Sr.Alcalde, si me permite facer unha enmenda, o 2º punto sería: ***“Solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra una axuda económica para garantir a prestación do servizo de emerxencias, profesional, mentres non se dote ó Val Miñor dun parque de bombeiros”***; profesional, ou profesionalizado, como queiran vostedes; porque no sistema de voluntarios nós nos creemos; nese sistema, perdón; non nos voluntarios senón nese sistema; sabemos que os voluntarios farían todo canto poden pero estamos falando dunha profesión dun alto risco que hai que saber onde estar e cómo actuar en cada momento, e o profesional de turno non pode estar pendente do seu traballo e pendente de quen ten ó lado para que non se lastime, aparte da responsabilidais que poidan haber ó marxe desta cuestión, das responsabilidais que poderían conquistar para calquera profesional destes levar unha persoa que non está suficientemente preparada para telo ó lado; polo tanto nós creemos imprescindible que sexa un servizo profesional e así vamos a defendélo na Mancomunidade; e xa lle digo: tódolos grupos do BNG, neste caso hai ún, van a ir por esta liña, porque nós creemos na profesionalidade desta xente e creemos que debe ser un servizo público; por elo lle pediría que tivera a consideración de meter esta enmenda: ***“....servizo de emerxencia profesional, mentres non se dote ó Val Miñor dun parque de bombeiros”***. O resto, para nós está todo correcto. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Recordar que tamén están as organizacións Sindicais defendendo este tema, en aras dos intereses xerais e das posibilidades económicas reais do Val Miñor, dos 3 Concellos. Nós non podemos falar dende Baiona das posibilidades económicas que poidan ter Nigrán ou Gondomar; eu sei que Baiona vai a cumprir cos seus compromisos e afortunadamente temos unha Interventora coa que eu podo discrepar en moitos casos pero que é rigurosa, e moitas veces atoparnos con persoal rigoroso é tamén unha garantía para que o servizo funcione. En canto á capacidade dos membros da GRUMIR, llo dicía o outro día nunha xuntanza ó representante dos Sindicatos: que se nota que é xente preparada, e a proba está en que se están presentando a oposicións noutros Concello, incluso en Vigo, onde son probas moi duras e algúns deles están pasándoas con bastante solvencia, o que significa que son xente moi preparada; a totalidade dos membros do GRUMIR.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Esperemos que este tema teña un desenlace realista, que sexa satisfactorio para todos e que no futuro a maioría delas poidan ter cabida no futuro parque de Bombeiros; hai que dar os pasos en sentido realista, iso é o máis importante para todos.

SR.ALCALDE.- Vou a intervir porque hai que puntualizar moitas cousas; primeiro, nós temos a responsabilidade, e non estou falando neste momento como Presidente da Mancomunidade senón como Alcalde de Baiona, pero si como membro dun grupo que está traballando neste problema; vostede leva investigando 2 meses pero nós levamos reuníndonos entre nós e cos representantes sindicais e cos traballadores do GRUMIR, e hai que buscar solucións; temos un problema enriba da mesa. Vou a contestarlle, primeiro: non podemos pedir, non seríamos responsables según nosos abogados, se pedimos por cooperación unha nova contratación; o xuíz di que non se pode contratar baixo ese perfil; polo tanto, somos rigorosos coa Lei e respetamos o que xuíz di; o que fagan outros Concellos será problema doutros Concellos; nós vamos a cumprir a Lei; e somos tan rigorosos que falamos cos abogados da parte dos traballadores para chegar a acordos. Neste momento están falando todavía; esta mañán falamos incluso cos representantes sindicais; o Sr.Vilar estivo falando con eles; estamos preocupados pola situación.

Pero quero dicir que estamos preocupados porque queremos dar unha boa solución ó Val Miñor, e non queremos entrar en demagoxias; é moi fácil diante de traballadores dicir "hai que contratar como sexa"; mire, durante 4 anos houbo outro Goberno na Xunta de Galicia, un goberno no que figuraba o seu partido, e di vostede "se fixeron parques de Bombeiros", efectivamente, na provincia de Lugo para 5.000 habitantes, ¡que casualidade!; ¿e porqué non se fixeron aquí?; nós xa temos un espazo reservado; a nós se nos dixo que se ía facer; díxese de demagoxias. Por certo, a obra da saída da autopista se está facendo cun retraso de 4 anos porque o Goberno no que vostede estaba o paralizou; sen embargo para tomar mojitos en Cuba si había cartos; digo isto facendo demagoxia, como fai vostede, a mesma demagoxia; os chupitos fóronse, se evaporaron ou foron vía urinaria; xa no están.

Polo tanto, o goberno que vostede di que ía arranxar non arranxou nada.

Hai unha cousa que me extrana moitísimo, fala da profesionalidade, de que había enchufados, etc., a verdade é que para min iso non é así; co que di o Sr.Vilar eu estou de acordo; os que coñezo eu son moi profesionais; non sei quen é o enchufado, ou quen non é; eu o que si sei é de xente que traballa ben; e Protección civil, voluntarios, traballan dende fai moitos anos aquí, e noutros lados, en colaboración; de feito hai membros do GRUMIR que están en Protección Civil, e que naceron en Protección Civil e están en GRUMIR; actuaron sempre así. Por iso dígolle que non estou de acordo coa enmenda porque o que dicimos é que nos den cartos para o sistema, pero é que agora mesmo, e dende fai moito tempo, a Xunta de Galicia nos dá diñeiro tamén para os voluntarios; ¿hai que decirlle que non dé cartos para os voluntarios?: iso non ten nada que ver. O que hai que decidir, e iso se decidirá no Pleno da Mancomunidade do Val Miñor, é o sistema; que poidamos, que sexa realista e que poidamos asumir, porque o dicía Manolo Vilar antes: o Concello de Baiona pode dicir "podo chegar ata aquí", o de Nigrán "podo chegar ata aquí", e o de Gondomar "ata alí"; estamos falando dun tema mancomunado. Hai que ser realistas e ver o que podemos facer; vamos a intentar buscar entre todos, supoño, o mellor sistema; e dende logo non vamos a pechar a axuda a nada, nin da Xunta nin da Deputación; todo o que nos poidan mandar para Protección Civil, para GRUMIR, para o grupo operativo, o marca a Lei (que ademais non é cousa nosa nin da Deputación nin da Xunta), hai unha Lei de Emerxencias en vigor que fala do grupo operativo, neste caso Servizo de Emerxencias e Protección Civil, e fala da posibilidade de que sexa mixto, como ata agora ten sido, porque Protección está ahí e que colaboren máis ou menos é relativo; está ahí e está recibindo a través dun Convenio, como diseches tí antes, dietas; e polo tanto hai que ver como se coordina iso; non quer dicir que sexan grupos que teñan que ser independentes (que a veces son demasiado independentes), teñen que estar coordinados, porque na atención da Emerxencia tamén sabemos que o máximo é un parque de Bombeiros, e iso é o que pedimos nós para aquí; en sitios onde non había parque de Bombeiros se pensou nos grupos de intervención municipais, que eran os GRUMIR, asociados ó que había de base que era Protección Civil, voluntarios; pero



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

o máximo grado de atención da Emerxencia é o parque de Bombeiros; iso hai que télo sempre como referencia; iso é o que estamos pedindo nesta moción; e estamos pedindo que mentres temos que sair do paso e ver tódalas axudas e subvencións que poidamos recibir, todas.

Creo que sería de irresponsables dicir “non, só queremos cartos para profesionais; para os voluntarios non”; non; queremos que se cubran as emerxencias na nosa área; que sexa con 5, con 6, con 12 ou con 18, pero que se cubran; iso é o que estamos pedindo á Xunta de Galicia con isto; e mentres, mentres a Xunta ou a Deputación non nos den resposta, vamos a seguir adiante coa decisión que a Mancomunidade nun Pleno Extraordinario tome; porque a decisión non é de papel, a decisión é económica; hai que pór os cartos enriba da mesa; mentres chegan ou non chegan os que pedimos da Xunta e da Deputación, e o modelo ten que ser o mellor posible coas condicións que teñamos.

Dígolle unha cousa: que vostede traiga a colación a desgraza que pasou nesta rúa a min sinceramente me parece desafortunado; utilizar ese tipo de argumentos non é. Eu traballei nun servizo de Urxencias, nunha UVI, en Vigo, onde hai parque de Bombeiros, loxicamente con tódolos medios, e desgraciadamente tiveron que atender a moitos quemados e desgraciadamente tamén a mortos. Digo isto porque non podemos utilizar ese tipo de desgrazas para argumentar outras cousas.

O servizo, estamos todos dacordo en que é necesario; que a Mancomunidade do Val Miñor está pondo cartos dende fai tempo para dar unha dotación, pero o que reclamamos é un nivel superior, e ata que iso non sexa así dende logo necesitamos a colaboración da Xunta e da Deputación; iso é o que se está barallando aquí; e despois, no Pleno da Mancomunidade se verá o modelo, cál é o modelo, que podemos facer economicamente para dar resposta ó que temos; e tamén temos que decílo: podemos chegar ata aquí, e despois decírllo á Xunta: nós podemos dar esta cobertura, haberá que ver cál é a coordinación da Xunta, do 112, e demáis. Estamos aquí porque temos un problema importante, e dende logo non estamos para nada dudando dos profesionais que están implicados no GRUMIR, nunca; dende logo eu non vou a falar máis de iso, agora, que é evidente que o sistema anterior era malo, malo, malo, iso temos que decílo; non pode ser un sistema durante todos estes anos con 3 durante 12 meses, e despois co resto 9 meses, que entraban e saían; ese non era un bó sistema; dende logo non tiña futuro; ¿qué saen neste momento polo que saen?: pois hai que aceptálo e buscar agora mesmo unha solución a un problema que temos todos; que non so o temos no Val Miñor senón que o ten o sistema de Emerxencias de Galicia, e dende logo teñen que colaborar con nós; e nós vamos a pór todo o que poidamos e máis.

SR.LORES, PSOE.- O grupo municipal socialista mantén o consenso na moción, tal como se acordou na Informativa.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Xa non sei si é un problema de micebrina, penso que non; ou sexa, non me extrana que o Sr.Vilar mezcle e pense que as cousas que vostede dixo as dixen eu; vostede fixo aquí unha mextura tremenda; eu non sei se me expliquei mal pero me imaxino que os veciños que están aquí me entenderon, pero tamén seguro que cando o escoitaron a vostede lle ferveu a sangue a máis de un, seguro. Cando eu falei de enchufados non me refería ó GRUMIR actual; me referín ó principio, o dixen ben clariño; que era unha chapuza e unha coladeira de enchufados para pagar favores políticos; inicialmente. Foron os membros do GRUMIR os que empezaron a crear unhas bases e a seleccionar persoal competente para ese traballo, e foi unha posta en valor deles: do propio GRUMIR, porque se estaban dando conta que había xente metida no GRUMIR que non valía para o traballo que estaban exercindo; polo tanto foron eles. E repito: falaba do inicio do GRUMIR, e son notas que collín falando con moita xente, do Concello de Nigrán, Protección Civil, GRUMIR, etc., é algo que está ahí, que non me inventei eu.

Dí vostede tamén que leva non sei canto tempo reunido cos Sindicatos, cos traballadores, etc., a nós nunca nos invitou a unha reunión desas, nunca; senón houberamos asistido, por suposto que si.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Tamén dixo que o xuíz di que non a este sistema; mire, non dixo que non, dixo que a estes señores hai que facelos fixos, porque é un traballo que están facendo todo o ano, que hai que mantelos fixos. 3 están todo o ano, e unha de dúas: ou lle pagan, ou os botan. E vostede tamén di “no PXOU tamén temos unha previsión para ubicar os bombeiros”; non hai; non hai previsión no Plan Xeral para ubicar os bombeiros; pode habelo no Plan Xeral que ten vostede gardado no caixón, e que quer aprobar, no dos campos de golf; hai pode haber previsión; pero no que hai agora mesmo aprobado do ano 94 non hai.

Os gobernos cando rematan a súa lexislatura non soamente teñen que facer un librito, ¿qué foi o que non fixo o Sr.Vilar en Baiona?, eu pódollo contar. Os Gobernos, sempre que terminan, poñen “porque fixemos isto, porque fixemos o outro,..”, se puxeran o que non fixeron, o que debían de facer e non fixeron, a lista sería máis gorda; teñao por seguro. Vostedes do bipartito non conseguiron nada porque non moveron un dedo, porque hai a quen non lle interesa que se creen parques de Bombeiros profesionais no Val Miñor, porque ten o seu negocio montado; polo tanto, vamos a ser clariños.

Tamén dixo “os Concellos somos realistas, e a ver ata onde pode chegar cada ún”; “ata onde pode” non, ese non é o plantexamento; ata onde ten que chegar cada ún, ese é o plantexamento: ata onde ten que chegar; esta non é unha cuestión nin unha decisión económica, Alcalde, e vostede o sabe; isto é unha decisión política, e para iso estamos nós aquí. Se fora unha cuestión económica a Interventora xa o resolvía; non sei para que estaríamos nós aquí.

Polo tanto, para nós efectivamente a referencia ten que ser o parque de Bombeiros; ahí estamos todos de acordo; ou sexa, non entre nesa demagogia porque todos temos clarísimo que queremos ese parque; mentres tanto, non é que dixera o xuíz que non se podía renovar a esta xente, non; o xuíz di: “ou renovas, ou despides”; nin máis nin menos; polo tanto teremos que buscar a fórmula que menos lesione os intereses da Mancomunidade e que tampouco lesione os intereses dos traballadores, que tamén son veciños de aquí, tamén son veciños e teñen os seus dereitos; e digo eu ¿si son tan bos, están tan ben preparados, porqué buscar outra solución se xa a temos?; non o entendo; ¿porqué se negan vostedes a facer profesional o sistema de Emerxencias?; se temos unha xente moi boa, e dixen eu: dos máis considerados de toda Galicia, se temos os mellores ¿para qué vamos a buscar outros se xa os temos?; non ten sentido ningún.

Eu lle vou a dicir unha cousa: se vostede tira por ahí conte con nós na Mancomunidade; conte con tódolos grupos municipais do BNG; con todo o noso apoio; e conte tamén co noso apoio na Xunta de Galiza e na Deputación; saberá vostede, saíu hoxe na prensa, que fai uns días presentamos varias preguntas ó respecto, o compañeiro Enrique Vieitez, no Parlamento de Galicia, e é unha proposición non de Lei; non me diga vostede que non ten o apoio do BNG para que cando se dirixa vostede ós seus compañeiros do Goberno de Galiza diga “é que estamos respaldados por tódolos grupos políticos”; esta é unha situación primordial para todos, polo tanto sintase vostede arroupado por nós, por todo o BNG, tanto no Parlamento como na Mancomunidade, como no Concello; pero nos términos que lle estou dicindo, é dicir, na profesionalidade do servizo de emerxencias do Val Miñor; se vamos por ahí vamos todos xuntos, e creo que podemos ir, ou sexa, non é unha idea descabellada. Evidentemente sería complexo conseguir 100.000 euros do Concello agora mesmo para a Mancomunidade, 100.000 máis cada un, pero tampouco sería imposible; sería un sacrificio gordo, e nós o apoiariamos, pero sabe vostede que iso é irreal porque si se implica a Xunta e se implica a Deputación isto se podería reducir a 0, ou case.

A nosa liña vai a ser por ahí; nós estamos dispostos a facer o que faga falta para manter este servizo de emerxencias, estamos dispostos a apoialo, a ir con vostede onde faga falta, sentarnos a negociar con que queira, pero con esa finalidade.

E cando me dixo vostede do tema do que pasou aquí fai 30 anos, de verdade Sr.Alcalde que non quero facer ningunha utilización política, que hai moita xente que incluso descoñece esas circunstancias, e a min padeceume vivilo, porque foi un padecemento, algo que te marca para sempre, e non quero facer demagogia en absoluto; ningún tipo de cuestión política ó respecto dese tema porque o sufrimento da familia está por encima de todo. Foi un exemplo, non sei si



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

estivo fora de lugar, non o sei, pero foi un exemplo que din porque foi unha vivencia que tiven eu, entre outras esa, pola miña condición profesional de situacións perigosas e complicadas; foi nese sentido a miña intervención, non era noutro.

Pediríalles que consideraran a enmenda da profesionalidade, en todo caso que se vote; nós vamos a votar igual a Moción pero creemos que esta debe ser unha cuestión primordial e fundamental. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Xa se debatíu todo, tódolos grupos plantexaron as súas posicións, está todo clarísimo; non obstante o Sr.Fernández acaba de dicir unha cousa que quero aclarala, porque aquí todos debemos de enterarnos. Nós, cando nos reunimos cos Sindicatos o facemos en función dunha representación, esa representación pasa porque Baiona nestes momentos ostenta a Presidencia da Mancomunidade, e as reunións que houbo cos representantes, cos avogados de ámbalas dúas partes, foi coa Comisión de Goberno da Mancomunidade na que hai representantes de tódolos Concellos, de Gondomar, de Nigrán, e de Baiona; hai 2 representantes de cada Concello no que é a Comisión de Goberno da Mancomunidade; e se o BNG non está ahí representado é por responsabilidade única e exclusiva do propio BNG porque no caso de Gondomar evidentemente houbo unha moción de censura e hai outra xente gobernando, pero no caso de Nigrán é que crearon un conflito interno que propiciou que ahí non haxa representación na Corporación do BNG: por unha crise interna do BNG; é así, esa é a realidade; o señor representante do BNG na Corporación municipal que estaba antes na Mancomunidade do Val Miñor non quixo estar, por unha serie de razóns marchouse, o Alcalde o cesou por cuestións internas, e polo tanto senón está non é por culpa de Baiona; é por culpa interna de Nigrán e do BNG, porque desautorizou o seu portavoz. Xa vexo que o Sr.Fernández está na lista oficialista do BNG, pero non está así o representante do Concello de Nigrán que é o Sr.David Giráldez, que estaba na Mancomunidade do Val Miñor. Que quede isto claro; é unha verdade irrefutable; polo tanto non veña a dicir vostede que nós nos reunimos cos Sindicatos de espaldas a vostedes; por certo: o Sindicato é a CIGA, e a CIGA é un Sindicato próximo ó BNG; polo tanto non pode dicir vostede que aquí se leva o tema con ocultismo; tódolo contrario. Este é un matiz moi importante porque o Sr.Fernández é moi dado a este tipo de demagoxias e polo tanto hai que desenmascarálo; unha cousa é o que fala el e outra cousa somos os que coñecemos a realidade deste tema; isto é así. Que quede aclarado simplemente para defender a transparencia de tódalas reunións que se fan, que se fan dentro da máis estricta legalidade e dentro da representatividade que ten cada un dentro do ámbito da Mancomunidade do Val Miñor.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Un segundo pola réplica: o BNG non ten representación municipal no Concello de Nigrán; os seus membros non son do BNG; eran, pero xa non son. Vou a deixar unha cousa clara, é que eu non inicié este debate concretamente neste Pleno, foi o Sr.Alcalde que nos botou en cara que eles estaban negociando e que nós non; por iso o dixen; ¡claro que ten que ser o Goberno da Mancomunidade, claro que si!, agora, se vostedes teñen tanta preocupación houberannos chamado, nós houberamos ido; iso foi o que critiquei; claro que son vostedes ós que lles corresponde; non nos boten en cara que non vamos a un sitio cando non podemos ir senón nos invitan; é simplemente iso, nada máis.

SR.ALCALDE.- Non lle botei en cara nada; como vostede levaba 2 meses investigando díxenlle que nós estábamos reuníndonos, como Comisión de Goberno da Mancomunidade, con todos eles; non lle botamos en cara que vostede non estivera.

Creo que as posturas están moi claras; teño que agradecer a tódolos grupos a aceptación dunha moción conxunta, que ó final o que queremos é o que estamos repetindo todo o rato: queremos un parque de Bombeiros para o Val Miñor; non é que o pidamos, é que é necesario e ademais é obrigatorio, e mentres temos que buscar unha solución alternativa para saír deste impas. A nosa idea é non aceptar a enmenda porque a enmenda limita, e nós non queremos limitacións: que os cartos que poidan chegar podan ser para o conxunto; o que estamos defendendo e que se manexou ata agora era, está claro, que o peso fundamental da Emerxencia o sigan levando os



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

profesionais, pero que tamén a parte de voluntarios poida participar; como estaba sucedendo aquí, en Tui, e en miles de sistemas de emerxencia e Protección Civil.

Polo Sr.Alcalde procédese á votación da enmenda presentada polo BNG, resultando: 2 votos a favor, BNG; 9 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ); abstencións, 6,PSOE.

E por isto que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, ACORDA desestimar a enmenda do BNG.

O Sr.Alcalde procede á votación da Moción presentada polos grupos políticos que compoñen a Corporación de Baiona, resultando aprobada por unanimidade.

E por isto que o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a realización, de forma urxente, dos trámites necesarios para a dotar ó Val Miñor dun parque de Bombeiros en aras de garantir a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios.

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra una axuda económica para garantir a prestación do servizo de emerxencias mentres non se dote ó Val Miñor dun parque de bombeiros.

9.-MOCIONS.

Non se presentan.

10.-ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS DO BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG.- ¿Qué vai a pasar co tema da Arribada con respecto ó GRUMIR?.

SR.ALCALDE.- Temos a mesma cobertura que o ano pasado; exactamente igual; xa falamos co grupo actual; temos 3 do grupo estable igual que o ano pasado.

SR.FERNANDEZ, BNG.- En novembro nós presentamos aquí unha moción acompañada de non sei cantas firmas para que se fixeran unhas modificacións para velar pola seguridade vial na carretera de acceso a Belesar; era referente ó Colexio de Sabarís concretamente, e no cruce do Caeiro onde está a marquesiña. A marquesiña fai uns meses que lle retiraron os cristais que estaban rotos pero non puxeron outros e os nenos se mollan e pasan frío alí tódolos días, vostede en decembro nos dixo que a Deputación faría os traballos, resulta que estamos en marzo e segue exactamente igual que en novembro, ¿qué pasa ahí, cando se van a facer eses traballos?.

SR.ALCALDE.- Non segue igual; se movilizou a torreta, se fixo unha parte da beirarrúa e agora teñen que completar o demais.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- A beirarrúa foron 3 baldosas.

SR.ALCALDE.- A empresa COVSA está actuando nese entorno, na Barxa, e na Granxa; está actuando nos 3 entornos. Rematará non sei exactamente en qué prazo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Na Granxa está facendo unha modificación do vial, unha obra grande. A ver se acaban antes de que remate o curso.

SR.VILAR, CMÑ.- Xosé Enrique, ¿a qué marquesiña te refires?, ¿á que está na carreteira de Belesar, no cruce mesmo?.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A do Caeiro, sí.

SR.VILAR, CMÑ.- Xa está encargada a marquesiña e estamos pendentos de que lla sirvan, para reubicar incluso no lado de enfrente para evitar que no cruce coincidan. Hai que esperar a que a traigan, está pedida.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e cinco minutos do mesmo día, de todo lo cal como Secretaria, CERTIFICO.